

ESCRITO CONTRA A SITUACIÓN DA FILOSOFÍA NO ANTEPROXECTO DE LEI DE EDUCACIÓN SOCIALISTA

Estimad@s señor@s:

A filosofía é unha “arma cargada de futuro”. Unha arma de palabra e praxe. Que un goberno progresista diminúa a probabilidade de educar o sentido crítico, a madurez persoal, o contacto co mundo no que vivimos, resulta non xa paradoxal, senón frustrante. E, por ende, contradictorio co propio anteproxecto que xa comeza no apartado de “Fines”, sinalando no punto a): “el pleno desarrollo de la personalidad y de las capacidades de los alumnos”. ¿Poden dicirme algunha disciplina que se centre máis que a Filosofía no desenvolvemento da personalidade?, e continúa, por exemplo, no punto d): “el desarrollo de la capacidad de los alumnos para regular su propio aprendizaje, confiar en sus aptitudes y conocimientos, así como para desarrollar la creatividad, la iniciativa personal y el espíritu emprendedor”. “¡Sapere Aude!” “Atrévete a saber. Ousa servirte do teu propio entendemento sen a guía doutro”. Esta cita de Immanuel Kant non precisa máis comentarios respecto ao final do punto d) cuxos fins pretenden conseguir. E, fíxense no 1º PRINCIPIO XERAL que vostedes indican para o bacharelato: “El bachillerato tiene como finalidad proporcionar a los alumnos formación, madurez intelectual y humana, conocimientos y habilidades que les permitan desarrollar funciones sociales e incorporarse a la vida activa con responsabilidad y competencia. Asimismo, capacitará a los alumnos para acceder a la enseñanza superior.” A filosofía foi e é un dos alicerces fundamentais da madurez intelectual humana; confío en que non teñamos que lamentar en xeracións futuras esa perda de madurez e responsabilidade coa nosa especie.

Creo que na situación actual non nos podemos permitir (nin instancias educativas, nin políticas) non educar na comprensión do pensamento máis fondo do ser humano. E, moito máis, nun nivel como o bacharelato, onde o alumnado, debe saír preparado para enfrontarse non só a Universidades ou Ciclos, senón tamén á vida.

Modestamente, creo que deberían reflexionar seriamente, porque de ser así, chegarían loxicamente á conclusión de que a Filosofía, -sexa a Filosofía I de 1º de bacharelato, ou a Filosofía II ou Historia da Filosofía-, ten que ser obrigatoria (materia común) en todas as modalidades de Bacharelato, como o é neste momento. Sentido común e unha predisposición a contar cunha cidadanía que poida pensar por si mesma. Non chega coa materia “Educación para a cidadanía”; é imprescindible seguir sendo conscientes do noso pasado histórico, pero, sobre maneira, do noso pasado humano, dos porqués da filosofía da historia, dos porqués en xeral, do “amor polo saber”, do amor pola verdade. ¿Están dispostos a que un enorme número de alumnado, de PERSOAS, perda ese tesouro?

Tampouco se trata, - e penso que esa é a “filosofía de fondo” (seguramente chea de boa vontade) do anteproxecto -, de unir esa triste separación ciencias/letras, cun camiño que se queda a medias de todo, “Filosofía” para o bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía e “Ciencias para o mundo contemporáneo” para as modalidades de Artes e Humanidades e Ciencias Sociais. Non. Apoio esa nova materia para todas as opcións de bacharelato, ao igual que ten que ocorrer coa Filosofía. Dese xeito si estariamos “unindo” dous mundos que por desgracia se teñen separado.

Lamentablemente un goberno progresista pode chegar a tomar unha decisión propia dun goberno conservador. É dicir, que non se fomente que a xente pense por si mesma, senón polo que diga o “Urdaci de turno”. Oxalá non cometan este gravísimo erro, polo ben de todas e todos, incluído o ben do seu partido político se pretende realmente mellorar esta

sociedade e facela moderna, crítica, reflexiva, tolerante. Resumindo: unha sociedade con “talante” vital.

Atte:

Manuel Seixas.

Xefe de Departamento do I.E.S. Vilanova de Arousa

27/IV/05